



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Outubro 2018

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Outubro 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 10,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 8,4 puntos máis que no mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,4%, catro puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 11,5% e os Outros servizos o 6,2%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,6%, catro décimas máis que en España (2,2%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de outubro. Galicia é a cuarta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a terceira comunidade co maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 10,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 8,4 puntos superior ao do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,4%, 4 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 11,5%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de outubro (8,8 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,2% e achegan 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 9,2% e os *Outros servizos* o 7,0%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 14,0% e achega 7,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 1,6% e achega 0,1 puntos. A facturación no *Comercio ao retallo* crece o 6,6% e achega 1,2 puntos.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, é o *Comercio por xunto* a actividade con maior incremento (11,0%).

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,2%; todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Información e comunicacións*, cunha taxa de -1,7%. O *Transporte* (7,7%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (15,9%) son os que máis repercuten na taxa do índice xeral, 0,7 e 0,6 puntos respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior crecemento dáse en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,3%).

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 5,4% en Galicia e un 6,6% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 6,7% e 8,4% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos dez primeiros meses do ano en Galicia, -2,8%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,6% no mes de outubro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 11,4% e achega 4,7 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 11,6% e achega 1,8 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 2,3% e resta 0,5 puntos.


No acumulado do ano, o índice aumenta un 4,6%, sendo o *Comercio* (5,9%) e o *Transporte* (8,5%) os sectores que máis contribúen ao incremento do índice xeral, 2,6 e 1,1 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de outubro en todas as comunidades autónomas aumentan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (10,5%) e Madrid, Aragón e Galicia (10,3%). As comunidades con menor crecemento son Illes Balears (4,4%) e Comunitat Valenciana, Andalucía e Castilla y León (5,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Madrid (9,4%) e Cantabria (8,8%). O menor incremento rexístrase en Andalucía (4,0%) e Comunitat Valenciana (4,1%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de outubro de 2017, catro décimas máis que en España (2,2%).



O persoal ocupado aumenta un 3,7% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (8,3%), co que achega 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,4% nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas*. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 3,0%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Información e comunicacións* (3,5%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,8%).

Nos primeiros dez meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 2,0% en Galicia, dúas décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

O maior incremento do emprego no que vai de ano en Galicia rexístrase no *Comercio por xunto* (6,0%), mentres que na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado o 1,6%.

No conxunto do Estado, en todos os sectores de actividade hai un incremento do emprego, sendo as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* as que amosan o maior crecemento, 3,9%.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Madrid (3,2%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Canarias (1,0%) e Murcia (1,3%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Aragón (3,1%), mentres que Extremadura (1,5%) e Andalucía (1,6%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Outubro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2018

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 135,0 | 10,3 | 5,4 |
| Comercio | 139,1 | 11,5 | 5,9 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 103,2 | 1,6 | 11,5 |
| Comercio por xunto | 155,6 | 14,0 | 6,7 |
| Comercio ao retalho | 108,5 | 6,6 | 2,9 |
| Outros servizos | 122,6 | 6,2 | 3,8 |
| Transporte | 119,5 | 7,7 | 3,4 |
| Hostalería | 110,8 | 0,0 | -2,8 |
| Información e comunicacións | 110,8 | -1,7 | 0,7 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 130,8 | 8,3 | 6,3 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 153,7 | 15,9 | 15,4 |
| España | | | |
| Xeral | 123,1 | 8,4 | 6,6 |
| Comercio | 123,2 | 9,2 | 6,9 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 132,2 | 3,2 | 10,0 |
| Comercio por xunto | 128,1 | 11,0 | 8,4 |
| Comercio ao retalho | 110,7 | 7,8 | 2,8 |
| Outros servizos | 123,0 | 7,0 | 5,9 |
| Transporte | 123,1 | 7,8 | 5,8 |
| Hostalería | 118,5 | 2,5 | 2,0 |
| Información e comunicacións | 117,2 | 5,9 | 4,5 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 134,2 | 9,3 | 9,9 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 121,5 | 8,9 | 7,2 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2018

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 129,8 | 7,6 | 4,6 |
| Comercio | 136,4 | 11,4 | 5,9 |
| Transporte | 136,3 | 11,6 | 8,5 |
| Hostalería | 114,9 | -2,3 | -2,8 |
| Información e comunicacións | 112,4 | 0,1 | 2,3 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 128,8 | 7,9 | 6,3 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 149,2 | 12,9 | 13,5 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2018**

| | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|--------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 123,1 | 8,4 | 6,6 |
| Andalucía | 113,0 | 5,5 | 4,0 |
| Aragón | 128,5 | 10,3 | 8,4 |
| Asturias | 116,9 | 9,0 | 6,2 |
| Balears, Illes | 121,7 | 4,4 | 4,7 |
| Canarias | 123,1 | 7,5 | 6,7 |
| Cantabria | 126,6 | 10,5 | 8,8 |
| Castilla y León | 115,4 | 5,5 | 4,3 |
| Castilla-La Mancha | 127,7 | 9,9 | 7,3 |
| Cataluña | 121,3 | 8,8 | 5,6 |
| Comunitat Valenciana | 118,1 | 5,5 | 4,1 |
| Extremadura | 119,2 | 8,2 | 5,3 |
| GALICIA | 135,0 | 10,3 | 5,4 |
| Madrid | 130,1 | 10,3 | 9,4 |
| Murcia | 111,1 | 6,8 | 4,6 |
| Navarra | 123,5 | 7,6 | 4,4 |
| País Vasco | 123,3 | 8,2 | 8,1 |
| Rioja, La | 124,7 | 7,3 | 6,8 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2018

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 108,7 | 2,6 | 2,0 |
| Comercio | 108,1 | 3,7 | 2,6 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 101,6 | 2,7 | 0,3 |
| Comercio por xunto | 120,2 | 8,3 | 6,0 |
| Comercio ao retalho | 102,5 | 1,1 | 0,9 |
| Outros servizos | 109,1 | 1,7 | 1,5 |
| Transporte | 105,1 | 1,9 | 1,4 |
| Hostalería | 105,4 | -3,0 | -1,6 |
| Información e comunicacións | 106,6 | 4,2 | 2,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 106,7 | 5,4 | 3,4 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 120,2 | 3,8 | 3,9 |
| España | | | |
| Xeral | 109,0 | 2,2 | 2,2 |
| Comercio | 106,5 | 1,6 | 1,6 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 106,7 | 2,4 | 2,6 |
| Comercio por xunto | 110,6 | 2,1 | 2,4 |
| Comercio ao retalho | 103,9 | 1,1 | 0,9 |
| Outros servizos | 110,5 | 2,6 | 2,6 |
| Transporte | 109,0 | 2,7 | 2,8 |
| Hostalería | 110,4 | 1,2 | 1,3 |
| Información e comunicacións | 108,1 | 3,5 | 3,4 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 107,1 | 2,4 | 2,0 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 115,3 | 3,8 | 3,9 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2018**

| | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|--------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 109,0 | 2,2 | 2,2 |
| Andalucía | 105,9 | 1,4 | 1,6 |
| Aragón | 111,2 | 2,5 | 3,1 |
| Asturias | 105,1 | 1,6 | 1,8 |
| Balears, Illes | 122,7 | 3,5 | 3,5 |
| Canarias | 110,0 | 1,0 | 2,3 |
| Cantabria | 109,6 | 1,5 | 2,1 |
| Castilla y León | 105,3 | 1,4 | 1,7 |
| Castilla-La Mancha | 106,9 | 1,4 | 1,8 |
| Cataluña | 109,7 | 2,4 | 2,3 |
| Comunitat Valenciana | 111,1 | 2,1 | 2,1 |
| Extremadura | 105,2 | 1,9 | 1,5 |
| GALICIA | 108,7 | 2,6 | 2,0 |
| Madrid | 108,9 | 3,2 | 2,6 |
| Murcia | 110,7 | 1,3 | 2,8 |
| Navarra | 108,6 | 2,4 | 2,6 |
| País Vasco | 106,7 | 2,3 | 1,8 |
| Rioja, La | 108,3 | 1,7 | 2,0 |

Fonte: INE